



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

PROGRAMA DE ACOLLIDA



CEIP SAN XOÁN BAUTISTA
CERDEDO-COTOBADE

CURSO 2020/2021

ÍNDICE

- a) Contextualización.
- b) Novas normas de organización e funcionamento do centro.
- c) Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- d) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- e) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

a) Contextualización

Este documento está elaborado en base ás Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, nas que se indica que, co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectivo presencial durante o curso 2019/2020, o equipo directivo elaborará un **Programa de acollida** que será presentado ao Consello Escolar do centro.

Para realizar unha correcta explicación sobre estas modificacións e o desenvolvemento do plan de actuación, realizarase antes do comezo do curso unha reunión coas familias no comedor do colexio, coas seguintes normas de seguridade:

- Un único asistente por alumno/na
- Separación entre cadeiras dun mínimo de 1,5m
- Obrigatorio o uso de máscara entre os asistentes.

b) Novas normas de organización e funcionamento do centro.

O plan de adaptación á situación covid-19 implica unha serie de cambios e modificacións temporais nas Normas de Organización e Funcionamento do colexio.

As máis salientables serán:

ENTRADAS

O alumnado do centro ven en catro liñas de transporte e andando dende as súas casas.

A chegada prodúcese de forma simultánea. Para unha maior seguridade dos desprazamentos cara as aulas procederáse da seguinte maneira:

- Segundo vaian chegando os autobuses o alumnado acompañado pola coidadora e respectado as medidas de seguridade accederá ata a porta da entrada principal onde dous mestres recibirán ao alumnado para comprobar que levan a máscara e cumpren a distancia de seguridade.

Nos casos en que o alumnado chegue ao centro fóra do horario de entrada será recibido polo mestre ou mestra de garda que o acompañará ata a súa aula no caso de infantil. A partir de 1º de Primaria accederá só a súa aula.

SAÍDAS

O profesorado que teña a última sesión con cada grupo será o responsable de que todo o material da aula quede recollido e desinfectado. Acompañará ao grupo ata o patio cuberto recordando a fila na que debe facer a espera así como a colocación da máscara e o mantemento da distancia de seguridade. Formaránse cinco filas: catro de liñas de transporte e unha para ir andando.

Tamén se utilizará a cancela pequena para as entradas e a grande para as saídas.

INSTRUCCIÓNS XERAIS:

- As familias non accederán ao recinto escolar. No caso de E.I. se a titora o considera oportuno polo benestar do seu alumnado, os nenos e nenas poderán ser acompañados á aula por un membro da súa familia con máscara ata a porta principal do centro..
- No caso do alumnado de nova incorporación será permitida a entrada da familia no recinto o primeiro día mentres agardan a seren atendidos para a acollida que todos os anos o noso centro realiza co alumnado de nova matrícula.
- Non se permite que o alumnado na saída quede formando agrupacións nos patios ou que xogue nos mesmos, polo que se regularán as saídas directamente ao exterior do recinto. Asemade, informarase ás familias da necesidade da responsabilidade persoal de non facer agrupamentos nos accesos ao centro escolar.

- O número de profesores de garda precisos para facer efectiva a entrada será de dous. Para a saída do recinto escolar en condicións de seguridade, é a totalidade do equipo docente segundo o seu horario lectivo.

■ Normas para o uso das aulas

🕒 **Agrupacións:** Grupos de convivencia estable cuxos membros poden socializar e xogar entre si sen ter que manter a distancia interpersoal de forma estrita. Estes grupos de convivencia estable deberán evitar a interacción con outros grupos do centro educativo, limitando ao máximo o número de contactos, o que non faría necesario gardar a distancia interpersoal de 1 metro en aula.

Os grupos de convivencia terán como único espazo para as actividades lectivas a aula asignada, con excepción das horas de psicomotricidade, educación física, música e relixión. Estas aulas deberán ser desinfectadas polo profesorado responsable do grupo ou o propio alumnado e ventiladas durante 5 – 10 minutos antes de que sexa usada por outros alumnos/as.

- O profesorado pasará polas aulas á chegada ao centro para abrir as fiestras e ventilar antes do inicio da xornada. Igualmente quedarán abertas durante a xornada se o tempo o permite e durante o recreo ou sempre que se realicen actividades fóra da aula.
- Cada alumno/a terá o seu material diferenciado na súa mesa nun estoxo ou lapiceiro ou no seu casilleiro.
- Non se compartirá ningún material.
- Cada alumno/a terá unha percha individual, con separación se é posible.
- As ventás, persianas, ordenador, etc de cada aula deberá ser manipulado exclusivamente polo profesorado para disminuir riscos de contaxio.

- **Uso da biblioteca:** No 1º trimestre funcionarán as bibliotecas de aula. Adaptaremos a biblioteca seguindo as INSTRUCCIÓNS DE 1 DE SETEMBRO DE 2020.

De momento non se fará uso dos xogos de mesa.

- **Tutorías coas familias:** Poderanse levar a cabo reunións presenciais atendendo ás condicións de seguridade e utilizando espazos habilitados para tal fin . Sempre con cita previa. Ou a través de vías corporativas e telemáticas co uso da aplicación CISCO WEBEX. O uso de chamadas telefónicas, dende o teléfono de centro, o envío de mensaxes a través de correo electrónico do centro ou o envío de mensaxes por ABALARMÓBIL tamén son outras opcións.
- **Normas para a realización de eventos:** este curso non se realizarán actividades e celebracións de centro que xuntaban a bastante xente. Deste xeito, e salvo mellora enorme da situación epidemiolóxica non se celebrará o Festival de Nadal ou actos como o Samaín ou Magosto. As saídas didácticas, se se considera oportuno por parte do equipo docente, poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente no momento de realizalas, sobre todo, en canto ao aforo de museos e salas e as normativas de transporte.

Aconséllase que se realicen dentro da propia localidade e ao aire libre, sendo un bo curso para explotar os numerosos recursos que ofrece a contorna próxima.

- **Aforos:** A limitación de aforo para os baños será a un usuario, o profesorado será o encargado de controlalo. Sala do profesorado: 6.
- **Recreos:** Manterase o mesmo horario pero reorganizaranse os espazos. Dividirase o patio exterior, cando o tempo o permita, en diferentes espazos para cada un dos niveis. Cando chova Ed.infantil, 1º e 2º farán o recreo na sala de xogos e ximnasio. Os demais cursos. 3º,4º,5º e 6º no patio cuberto que se dividirá en dúas zonas. O titor e titoras serán os encargados de acondicionar estas zonas con xogos e xoguetes que poida usar o alumnado.
- **Merendas:** Realizarase na aula antes da saída ao recreo.
- **Reunións de claustros, CCP e Consello Escolar:** Celebraranse as reunións de forma presencial se a situación sanitaria o permite no comedor por ser un espazo no que é posible manter as distancias. Se non é posible a forma presencial farase de forma telemática, utilizaremos a plataforma WEBEX e o correo electrónico.

As convocatorias realizaranse por correo electrónico.

- **Comedor:** Farase unha única quenda. O alumnado sentarase no comedor agrupado por aulas. Cada alumno/a colocarse nunha mesa individual mantendo a distancia de seguridade.

Haberá ventilación constante sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan por ser unha zona de alta montaña con baixas temperaturas no inverno.

Entrarán por orden, empezando por sexto de educación primaria e accederán a súa mesa. Os maiores recollerán a súa bandexa co menú que será preferiblemente empratado na cociña polo cociñeiro. Aos máis pequenos colocaralla na mesa o persoal colaborador. O alumnado non servirá a comida para evitar desprazamentos polo comedor e a manipulación por varias persoas. Farán unha correcta hixiene de mans antes de acceder ao comedor e despois de saír.

A saída tamén será escalonada. En canto ao tempo de lecer despois do comedor usaranse os mesmos espazos que no recreo. Veremos a posibilidade doutro tipo de actividades como proxección de películas.

c) Actuacións de prevención, hixiene e protección.

Prevención

- Evitar aglomeracións:
 - ✓ Diseminar as entradas e saídas
 - ✓ Dividir as zonas de recreo para que cada aula dispoña dunha tanto no exterior como interior
 - ✓ Regular o acceso aos aseos
- Distancia social
 - ✓ Distribuir as mesas nas aulas de tal xeito que exista a maior separación posible entre o alumnado.
 - ✓ Evitar situación de contacto físico.

- Responsabilidade individual
- ✓ Compromiso realización autoenquisa clínica: diaria tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado (realizarano as familias do alumnado no seu propio fogar antes de asistir ao colexio)
- ✓ As familias deben adquirir o compromiso firme de non enviar aos fillos/as ao colexio se presentan algún síntomas compatibles coa covid; para elo deberán facer un test diario no que comprobren a temperatura, a presenza de tos seca, dificultade respiratoria, aperda de olfacto ou gusto, dor muscular, fatiga seria ou diarrea. Tamén deberán cubrir o Modelo de Declaración Responsable enviado pola Xunta.

Hixiene

- ✓ Corresponde á empresa de limpeza actual do centro, contratada polo concello, xestionar, planificar, organizar e desenvolver todo o que a medidas de hixiene se refire. Diariamente deberá centrarse:
 - ❖ Nas mesas do alumnado e do profesorado en todas as aulas.
 - ❖ Antigua aula de PT no caso de detectarse un posible caso de COVID, xa que é a zona de illamento.
 - ❖ Secretaría (teléfono, mesa co ordenador e mesa de traballo)
 - ❖ Sala de profesores/as (mesas dos ordenadores e mesa grupal)
 - ❖ Pasamáns e pomos das portas
 - ❖ Baños (billas e cisternas) tres veces ao día
 - ❖ Mesas da zona de recreo de primaria e infantil.
 - ❖ Mesas do comedor que se utilicen para as reunións.
- ✓ No caso do comedor, ao tratarse de xestión directa, será o cociñeiro o encargado de desinfectar mesas, electrodomésticos usados para cociñar, enxoval (a alta temperatura no lavalouzas) e cadeiras.
- ✓ No momento de entrada do patio, no caso do alumnado de Infantil e 1º e 2º de EP, haberá profesorado na entrada do baño, encargado de proporcionar o xabón e axudar a abrir as billas e supervisar o correcto

lavado de mans así como proporcionar o papel de secado e controlando o fluxo de alumnado.

- ✓ Incluirase no horario de aula diario os momentos de lavado e desinfección de mans e “postos de traballo” ao final das actividades, do día e tras a merenda, etc para crear hábitos e rutinas de hixiene.
- ✓ Establecer como rutina de aula a limpeza dos espazos de traballo individual por parte do alumnado ao rematar a xornada. Eles teñen a suficiente autonomía para realizar esta tarefa baixo a supervisión dunha mestra.
- ✓ En canto ao uso de material de uso compartido(fotocopiadora,ordenadores, encuadernadora, guillotina, plastificadora, microondas, cafetera) CADA USUARIO desinfectará despois do seu uso con desinfectante de superficies e usará xel hidroalcohólico de mans para o seu manexo.
- ✓ A principio de curso entregarase a cada titor/a ou ao profesorado responsable de cada aula un dispensador con xel hidroalcohólico, panos desbotables e un pulverizador con desinfectante de superficies.
- ✓ Distribuirase tamén en cada aula unha papeleira con tapa accionada por pedal.

Protección

- ✓ Creación **Equipo Covid** que actuará coma referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias en relación as funcións recollidas no Plan Adaptación á situación Covid 19 no curso 2020-2021Ceip San Xoán Bautista.
- ✓ Determinación do **espazo de illamento COVID**: antiga aula de PT. Os elementos de protección, así como as indicacións para proceder en caso de illamento aparecen recollidos no Plan no punto 4.
- ✓ Medidas xerais de **protección individual** recollidas no Plan de Adaptación.
- ✓ **Máscara no centro**: Uso obrigatorio para todo o profesorado e alumnado de primaria dentro das aulas, zonas común e recreos. Cirúrxicas ou hixiénicas homologadas. Altamente recomendada para ed.

Infantil. Se algún alumno/a non pode usala por problemas respiratorios ou de outro tipo deberá traer xustificante médico.

- ✓ **Pantallas:** Uso de pantallas para aquelas actividades lectivas nas que o emprego de máscara sexa incompatible.
- ✓ **Mamparas:** Para realizar trámites coas familias e provedores instaláronse no despacho de dirección e secretaría. Estamos estudando a posibilidade de instalalas noutras aulas se se considera necesario
- ✓ Rexistro e inventariado e protocolo de compra e difusión do material de protección recollidas no Plan de Adaptación.
- ✓ Xestión de **abrochos:** recollida no Plan de Adaptación.
- ✓ Nos corredores estableceranse sentidos de entrada e saída diferentes en ambas marxes do corredor, segundo a cartelería recollida no Plan de Adaptación covid 19 do Ceip San Xoán Bautista.
- ✓ Espazos de uso compartido por varios grupos, entre sesións será preciso realizar unha ventilación de 5/10 minutos e labores de limpeza básica do espazo e material de traballo persoal.
- ✓ Realizar a psicomotricidade e outras actividades de aula, sempre que a climatoloxía o permita, ao aire libre.

d) **Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.**

- ✓ O equipo docente formarase naquelas actividades que dende a Consellería se estimen necesarias na Covid 19 así como en aqueles aspectos de aulas virtuais que faciliten a xestión educativa e pedagóxica no caso de formación semipresencial ou non presencial.
- ✓ Todo o profesorado do centro ten unha formación básica que lle permite empregar as aulas virtuais, como quedou amosado ao longo do curso 19/20.
- ✓ Neste vindeiro curso todo o claustro participará na actualización desta formación.
- ✓ A formación básica que un alumno/a debe ter para poder ter un mínimo de garantías no caso de ter que realizar docencia non presencial é: utilización da aula virtual e de EVA – Edixgal (5º e 6º de primaria)

- ✓ Por outra banda as familias deben coñecer e manexar as vías de información e comunicación existentes no centro: aplicación abalarMóbil, correo electrónico.
- ✓ Durante o mes de setembro o profesorador titor facilitará o acceso ao seu alumnado á aula virtual e tamén se levarán a cabo accións formativas para o seu uso.

e) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión

- Os cambios na forma de relacionarse na sociedade deben chegar tamén ao colexio. Nesta volta ás aulas temos que aprender a socializar con distancia, sen contacto físico ou transmitir emocións sen poder mostrar parte das nosas facianas.
- Seguindo as instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da Educación Infantil, da Educación Primaria, da Educación Secundaria Obrigatoria e do bacharelato, a metodoloxía de aula e a metodoloxía de traballo potenciarán tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a autoaprendizaxe, o pensamento crítico e creativo e a investigación mediante proxectos de traballo entre outras. Por este motivo o alumnado en ocasións traballará por grupos dentro do grupo estable para motivar ao alumnado cara ás aprendizaxes activas por medio de metodoloxías innovadoras propias do noso PE como a aprendizaxe cooperativa e manipulativa.
- A aprendizaxe das medidas hixiénico-sanitarias serán eixo vertebrador do proceso de ensinanza-aprendizaxe da nosa comunidade educativa pola transcendencia social que ten no momento histórico actual.
- Durante a asemblea inicial dentro da aula e diariamente lembrarase, empregando a cartelería de aula, os seguintes aspectos ao alumnado:

- ✚ Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- ✚ Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidroalcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.
- ✚ Valoración das entradas e saídas do centro, esixencia a todas as persoas (persoal do centro, familias e visitantes) da realización da hixiene de mans con verificación visual do seu correcto cumprimento. Prestarase especial atención a esta tarefa nos primeiros días do curso polo seu carácter educativo. No caso do alumnado verificarase a realización unha vez sentados na aula. Valoración en grupo aula desta medida e posta en común do acontecido para establecer aquilo no que temos que mellorar.
- ✚ Seguimentos da cartelería nos accesos ás aulas e aos espazos comúns.
- ✚ Uso na dinámica de aula dos dispensadores de solución hidroalcohólica na entrada e en espazos comúns.
- ✚ Medidas para o correcto cumprimento da hixiene e a utilización de solución alcohólica atendendo ás características de cada grupo, creación de normas de aula entre o alumnado.
- ✚ Xerar dinámicas para que o alumnado realice hixiene de mans con frecuencia (xogos de mimetismo, acompañamento do lavado, momentos previos ás actividades, entrada no comedor, cada vez que van ao baño) ademais de medidas de educación sanitaria.
- ✚ Emprego de xabón e papel para secar as mans, na aula e nos espazos correspondentes coma o baño.
- ✚ Xerar sistemas de educación sanitaria para a implantación de medidas de hixiene respiratoria:
 - ✚ Ao ou esberrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado.
 - ✚ Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esberrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados, así como antes e despois de comer ou usar os aseos.

- ✚ Manter a distancia física recomendada fóra da aula estable e dentro sempre que sexa posible.
 - ✚ Empregar a máscara de protección. Informarase do uso correcto da mesma e de como poñela e sacala de xeito lúdico e manipulativo.
 - ✚ Gardarase a distancia de seguridade de 1,5 metros co resto do persoal e alumnado, tanto nos períodos de actividade como na entrada e saída ao posto escolar, así como nos tempos de descanso.
 - ✚ Extremarase a orde no posto de traballo e nas mesas da aula, realizando a limpeza e desinfección establecidas por parte do alumnado do profesorado e do persoal de limpeza asignado.
- A nivel social é importante que traballemos o tratamento que reciben as persoas contaxiadas. Estar afectado polo virus non debe ser motivo de discriminación, senón de comprensión e empatía.
 - O mesmo temos que facer coas persoas que presenten síntomas compatibles, tomar precaucións non implica desprezo ou rexeitamento.
 - Outro aspecto sobre o que debemos incidir no tratamento transversal do tema é a difusión de bulos e as bromas relacionadas co virus.
 - A perda de liberdade do alumnado é máis que evidente, xa que son moitas as limitacións que se atopará no novo retorno ao colexio. Será importante transmitir que se trata dunha situación transitoria e que ese esforzo vai en beneficio de todos/as, e como cidadáns debemos cumprir con estas restricións cun único obxectivo contribuír a frear o virus e conseguir que todo isto acabe.

Saliéntase que este é un Plan vivo, adaptable e modificable no que toda a comunidade educativa e os servizos institucionais (Concello e Consellería) farán as súas achegas asumindo as funcións que lle corresponden, xa que O Equipo Directivo deste centro e o seu Equipo Docente non ten formación, nin competencia para asumir a organización e planificación dun Plan de adaptación de índole sanitario.